



Prezada veciña, prezado veciño:

Diríxome a ti coa esperanza de que confíes en nós para representarte no concello coruñés. Pola nosa parte prometemos transparencia, ética e traballo para transformar A Coruña nunha cidade máis sustentábel económica, social e medioambientalmente.

Vivimos tempos para adoptar decisións valentes. Diante dos recortes sociais que están a aplicar os nosos gobernantes segundo o ditado dos mercados, Esquerda Unida afirma que **hai alternativa**, que existe unha forma distinta de facer política, que podemos construír un modelo de vida máis xusto e solidario, un modelo centrado en nós, as persoas.

Temos a firme vontade política de avanzares na democracia participativa porque cremos que outra política é posíbel si se desenvolve entre todos e todas. Por iso, avanzaremos na **participación cidadá mediante orzamentos participativos** para que a veciñanza decida os investimentos do seu barrio.

Entendemos que o concello, como a Administración máis próxima aos coruñeses e coruñesas, ten moito que dicir na **reactivación económica local** e no cambio do modelo produtivo cara a unha economía verde menos dependente do petróleo que permita a creación de emprego estábel, de calidade e cun salario digno.

Apostamos polo **público coma garante social** para asegurar a soberanía alimentaria da veciñanza, a universalización dos servizos sociais e o acceso a unha vivenda digna para todos e todas. É dicir, recuperar o estado do benestar mediante unha Administración eficaz e austera que sexa quen de redistribuír a riqueza.

Loitamos por acadar o **respecto entre as persoas e a igualdade** de posibilidades, sen importar sexo, raza, nivel económico o lugar de procedencia.

Desenvolvemos un **urbanismo racional e sustentábel** xunto cunha mobilidade universal para vivir en equilibrio coa nosa terra.

Defendemos a política coma ferramenta ao servizo da cidadanía para mellorar a calidade de vida da veciñanza. Estamos **construíndo alternativa**, a alternativa das persoas.

O 22 de maio, atrévete e defende os teus dereitos. Na Coruña, contamos coa túa forza.

César Santiso
Candidato á alcaldía pola coalición
Esquerda Unida – Os Verdes

Outra política é posíbel

**Construíndo
Alternativa**